



Facultade de Humanidades

Traballo de
fin de grao

“Os do monte”:
movemento
antifranquista galego

Autor: Daniel Ulloa Quintas

Titora: Ana Cabana Iglesia

Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural

Xullo 2017

Traballo de Fin de Grao presentado na Facultade de Humanidades da Universidade de Santiago de Compostela para a obtención do Grao en Ciencias da Cultural e Difusión Cultural



Facultade de Humanidades

Traballo de
fin de grao

“Os do monte”:
movemento
antifranquista galego

Autor: Daniel Ulloa Quintas

Titora: Ana Cabana Iglesia

Grao en Ciencias da Cultura e Difusión Cultural

Xullo 2017

Traballo de Fin de Grao presentado na Facultade de Humanidades da Universidade de Santiago de Compostela para a obtención do Grao en Ciencias da Cultural e Difusión Cultural

ÍNDICE

1. Introducción	1
2. Os primeiros pasos na loita armada contra o franquismo: orixes da guerrilla	3
3. Artellando a loita armada no antifranquismo: constitución da Federación e do Exército Guerrilleiro.....	5
4. As do monte: as mulleres e a loita armada antifranquista	11
5. A memoria da guerrilla e o seu papel na cultura actual.....	16
6. Proposta de xestión cultural arredor da memoria da guerrilla.....	20
7. Conclusións	21
8. Bibliografía consultada.....	23
9. Prensa consultada en Hemerotecas dixitais	26

Anexos

Anexo 1	1
Anexo 2	2
Anexo 3	6
Anexo 4	7
Anexo 5	8
Anexo 6	9
Anexo 7	10
Anexo 8	13
Anexo 9	16

1. Introducción

Quero iniciar este traballo aclarando a razón da escolla da guerrilla antifranquista en Galicia como tema do TFG debido ó gran interese que sempre espertou en min. Dende que coñecín a existencia da resistencia armada en Galicia axiña desenvolvín unha atracción especial polo tema. Esta tendencia reforzouse co paso do tempo e o inicio dos estudos do Grao e principalmente tras cursar a materia de “Hª de Galicia”.

Iniciamos a redacción deste TFG aclarando o título do mesmo. Ó referirnos “*ós do monte*” estaríamos cometendo un erro (moi frecuente) ó identificar a todos os que se agochaban no monte nos anos da guerra civil e a posguerra como membros desa guerrilla. Moitos desas persoas eran “fuxidos”, xente que por razóns diversas (alta significación política, medo a represalias, ser chamado a filas, etc.) decidiu estar en paradoiro descoñecido para as autoridades e boa parte das súas comunidades, mais xamais actuaron como opositores ó réxime. Na maioría dos casos entregáronse ás autoridades na inmediata posguerra ou ben permaneceron agochados en montes e casas durante anos sen tomar parte na loita contra o franquismo esperando a oportunidade de retomar as súas vidas. Estes últimos son coñecidos na memoria e pola historiografía como “topos”. Nós, como indica o título, prestaremos atención á guerrilla en Galicia, é dicir, a aqueles que loitaron contra o réxime que saíu vencedor da guerra civil que comezaba en 1936 cun golpe de estado militar, pero farémolo sendo moi conscientes de que non eran os únicos que a esa altura deberon “subir ó monte”.

Cabe destacar que existiron múltiples formas de disenso para co franquismo durante os anos de guerra civil e a posterior ditadura. Dende a resistencia cotiá, manifestada mediante comportamentos diarios contra políticas que afectaban directamente a determinada poboación (requisas, repoboación forestal, encadramento, etc.) ata a oposición política na clandestinidade pasando polo loita militar, na que o protagonismo foi do movemento guerrilleiro. E será este último o que nos centre nesta ocasión.

Alén de caracterizar á guerrilla que loitou en Galicia contra o franquismo a preocuparémonos por un aspecto que nos parece central, o dos produtos culturais xerados a partir do fenómeno histórico que foi a guerrilla, aspecto que cremos encaixa de pleno cos intereses do Grao. Ditos produtos (documentais, películas, novelas, etc.) tratan, cada un dende a súa atalaia, de recuperar a memoria (individual ou colectiva) da loita guerrilleira. Homes, e tamén mulleres como veremos, que loitaron pola liberdade e pola democracia en contra do réxime ditatorial. Con esa finalidade, faremos un breve repaso por aqueles produtos culturais e actividades (ciclos de conferencias, etc.) que están tendo unha destacada repercusión social e, aínda que sexa de maneira sintética e experimental, trataremos de propor nós mesmos algunha acción que poña a guerrilla galega na palestra cultural, evitando así que este TFG quede só nunha mero compendio de bibliografía.

Debemos destacar tamén que evitamos, conscientemente, poñer nome ós guerrilleiros e os grupos ou partidas que formaban as Agrupacións. Estes datos están de sobra documentados por grandes historiadores e a nosa pretensión é a de non personalizar a loita e valorar a guerrilla galega no seu conxunto, como movemento social. En definitiva, decidimos destacar o colectivo sobre o individual, darlle relevancia ó grupo fronte a líderes e personaxes afamadas. Optamos por menos “Foucellas” e por máis “*foucellas*”. Só unha excepción: as mulleres, a elas si as nomeamos porque son as descoñecidas e nomealas axuda a percibir a súa presenza nun ámbito, o da oposición armada, que usualmente so é observado como un espazo de homes.

Para a realización deste TFG recorreremos a abundante bibliografía que existe sobre o tema (citada no apartado correspondente), tratando de ter presentes os distintos enfoques historiográficos, dende aquelas achegas máis próximas á historia militar a aquelas que presentan máis preocupación social, dende as biografías individuais ata aquelas obras que ofrecen unha mirada de xénero. Outro piar do noso TFG consistiu no visionado de distintas producións audiovisuais dedicadas á loita guerrilleira en España, con especial preferencia polos documentais, cuxo formato acostuma a incluír menos ficción e dar maior protagonismo ós relatos orais. Por último, acudimos á realización de entrevistas a profesionais do sector cultural para que nos deran conta do seu parecer sobre a relevancia desa fórmula de loita armada como obxecto de atención a hora de xerar tecido cultural dalgún tipo.

O estudo da guerrilla ten sido un tema recorrente para a historiografía dende a Transición, pero a súa análise foi evolucionando e se nas primeiras décadas centraron a atención no que poderíamos clasificar como a historia política da guerrilla, subliñando a formación das agrupacións e o influxo do Partido Comunista (en adiante PC). Neste senso, atopámonos coa obra de referencia para a guerrilla en Galicia, da autoría de Hartmut Heine (1982) e que aínda hoxe en día resulta clave. A partir do 2000 abriuse un campo novo que poñía o acento na guerrilla como colectivo humano, é dicir incidía no social máis ca no político. Ó mesmo tempo comezan a xurdir con profusión as primeiras obras dedicadas a guerrilleiros de renome¹. Na última década o estudo da guerrilla ampliou o marco de análise e incorporou dous campos novidosos. Por un lado o estudo das relacións sociais da guerrilla coas comunidades que lles deron soporte, a coñecida como “*guerrilla do llano*”, por outro lado, unha mirada de xénero: as mulleres na guerrilla².

¹ Sendo o precursor Lamela Garcia, L. (1992).

² Debemos destacar neste xiro historiográfico o traballo de Marco, J. (2012) e as obras de Yusta, M. (2011, 2015).

2. Os primeiros pasos na loita armada contra o franquismo: orixes da guerrilla.

Como xa sinalamos, todos os autores concordan en que poucas foron as persoas que se botaron ó monte coa intención de crear unha oposición armada. A maioría eran individuos que se agocharon no monte para fuxir da represión ou de ir a filas. Moitos dos “fuxidos” foron apresados ou entregáronse baixo a falsa promesa de “perdón” ó non ter as “mans manchadas con sangue” e outros tantos escaparon ó estranxeiro en busca dunha nova vida. Pero uns poucos organizáronse en pequenos núcleos formados por veciños, persoas vencelladas por un pasado de activismo sindical ou político previo ou mesmo membros dunha mesma familia³. Estes grupos só actuaban para garantir a súa supervivencia, ben propia ben das súas familias, e contra membros da sociedade local moi vinculados á represión e considerados coma “merecedores” das súas accións de castigo. Os únicos actos catalogables como “políticos” foron os asasinatos de falanxistas directamente relacionados coa represión da súa contorna⁴.

Nas provincias de A Coruña e o norte de Lugo a sublevación atopouse con unha maior resistencia, principalmente ligada a existencia de centros industriais e, polo tanto, unha maior actividade proletaria. Estas características provocaron que a represión fora moito máis exacerbada xa que os partidarios do Réxime buscaban non só impoñer o novo sistema senón instaurar un “estado de terror”⁵. Como teñen sinalado X. de Juana e X. Prada (2006), na práctica, a meirande parte das persoas tiñan unha actividade política case testemuñal e en moitos casos só se limitaran a votar nas eleccións do 36 ou a inscribirse nos sindicatos con máis presenza na súa comunidade.

O perfecto coñecemento do terreo permitiulles a moitos deles escapar da represión e ocultarse no monte pero ó cabo dos tres anos de Guerra Civil moitos caeran polo camiño. Unha significativa parte dos “do monte” nestas zonas eran ex gardas civís, mariñeiros ou carabineiros que comezaron a empregar as poucas armas que posuían para variados fins, algúns afastados da pura supervivencia. Apareceron nesta zona numerosos grupos organizados ó redor de algúns guerrilleiros que a posterior se converterían nos máis célebres do panorama galego, e moitos formarían parte do enclave da organización guerrilleira de Galicia.

A experiencia de guerra unida á forte represión, sufrida dende o comezo da contenda e que se mantivo trala implantación da ditadura impedindo a normalización dos “do

³ Un dos primeiros exemplos aparece nos montes de Casaio (Ourense) xa no ano 1936, produto da construción de vías férreas meses antes do golpe de Estado. Heine, H. (1982)

⁴ Outro obxectivo para estes agrupamentos foron, en palabras de Heine “...os membros do baixo clero constituían pros republicanos o partidario máis visible do novo réxime” (1982:23).

⁵ Destacamos as verbas dos propios represores: “É necesario crear unha atmosfera de terror, hai que eliminar sen escrúpulos a quen non pensa como nó todo aquel que aberta ou secretamente sexa defensor da fronte popular debe ser fusilado” (Xeneral Mola⁵).

monte”, foi o que potenciou a adhesión a guerrilla. Esta represión aumentaba co avance da fronte nacional e levou a que no ano 1939, coa inminente vitoria, se formaran as chamadas columnas de control que, lonxe de provocar a extinción da resistencia armada, supuxo a multiplicación destes grupos. Teríamos, así, guerrilleiros por convicción, dende os primeiros días despois do golpe de Estado, e guerrilleiros por evolución, que deixaron a súa condición de fuxidos ou topos e foron enchendo as filas das agrupacións, fórmulas organizativas nas que se artillarían os grupos armados, baixo o auspicio do PC (sobre todo).

Estes pequenos núcleos entraron en contacto cos grupos de oposición asturianos, actuando nalgúns casos como intermediarios nos seus intentos de exilio a América (vía Porto). O aumento da represión dun e doutro lado da fronteira portuguesa e a traizón de algúns membros supuxo a diminución dos núcleos asturianos e a imposibilidade de conseguir pasar ó estranxeiro para moitos deles. Algúns destes sen posibilidade de saír do país e debido á eliminación dos seus grupos de orixe quedáronse en terras galegas e uníronse ós grupos autóctonos. Estas adhesións supuxeron unha politización crecente dos grupos, a pesar da opinión de algúns autores moitos dos guerrilleiros xa tiñan conciencia política, aínda que fora incipiente, como indica un dos seus mellores estudosos, S. Serrano (1988) e, deste xeito, colaboraron na orixe da Federación de Guerrillas de Galicia-León (en adiante Federación).

O franquismo, pola súa banda, presentou a guerrilla como “*bandoleiros*” que atacaban a poboación civil co fin de desprestixiala e diminuír o apoio social, pero, conscientes do problema que supoñían, o Réxime non vacilou a hora de destinar recursos humanos, económicos e materiais para a súa persecución. Unha mostra deste afán de persecución é a lexislación promulgada en 1941 baixo o título de “Lei de Seguridade do Estado”⁶.

Adoitábaselles atribuír a sabotaxe de vías férreas en numerosos puntos xeográficos para desprestixialos. Segundo B. Máiz (1987), un dos poucos historiadores que se atreven a facer unha valoración aproximada, o número de sabotaxes ó longo dos anos de actividade da guerrilla en Galicia foi de 99, lonxe do dígito que o franquismo lles asignou.

⁶ Vd. Anexo 1

3. Artellando a loita armada no antifranquismo: constitución da Federación e do Exército Guerrilleiro.

*“Hai homes que loitan un día e son bos.
Hai outros que loitan un ano e son mellores.
Hai quen loitan moitos anos, e son moi bos.
Pero hai os que loitan toda a vida, eses son os imprescindibles.”*
(Bertolt Brecht)

Como ten estudado S. Serrano (1988), o ano 1942 comeza a tomar forma a idea, esbozada anos antes, de unificar eses grupos integrados por “fuxidos” nunha estrutura militar e de carácter político. Xa dende o comezo topouse con numerosas dificultades, entre elas o contacto entre os grupos, diseminados pola xeografía galega sen lóxica de continuidade xeográfica, e a negativa destes a perder a súa independencia de acción. Non sería ata dous anos máis tarde cando o paso organizativo sería palpable co establecemento dun código militar e unha estruturación dos grupos⁷. Ese código militar imposto ós grupos da Federación era tan amplo e preciso que se empregaría como guía para o resto de organizacións, non só a nivel autóctono senón tamén a nivel nacional⁸. O código disciplinario afectaba a todos os membros por igual, dende un guerrilleiro “raso” ata os altos mandos⁹.

En 1943 celebrouse a primeira gran xuntanza da organización dende a súa fundación e acordouse transformar o “Servizo de Intelixencia Republicano (SIR)” en “milicias pasivas”, o que consolidaría os puntos de apoio vitais para a supervivencia dos grupos. Tamén durante esta etapa, á Federación solicitóuselle o seu apoio para colaborar no rescate e evasión de aliados a través de Portugal, tarefa á que accederon coa esperanza de que os aliados interviñeran en España cando gañaran a II Guerra Mundial. Esta misión durou moi pouco tempo debido a presión á que estaban sometidos os guerrilleiros e que supoñía un perigo para os soldados aliados. Durante o desempeño desta acción, a Federación entraría en contacto con Alexander Easton que lles proporcionaría unha radio e unha multicopista coa que comezarían a publicar a cabeceira “*El Guerrillero*”¹⁰.

Isto lévanos a destacar a importancia da difusión e á propaganda na guerrilla. Ás publicacións escritas, moi numerosas e estendidas en toda España, debemos engadir a

⁷ Os grupos estarían compostos por oito guerrilleiros e un mando central, segundo se recolle en Heine, H. (1982)

⁸ Vd. Anexo 2

⁹ Segundo Marco, J. (2012) en Andalucía a aplicación do código disciplinario foi moito máis laxa o que provocou un maior número de conflitos e desercións.

¹⁰ O citado Easton “*O Inglés*”, converteuse nun punto de apoio ó ceder a súa granxa coma enfermaría para os feridos e serviu para poñer en contacto ós dirixentes da Federación con membros do PC e de Unión Nacional (UN), a cal se adherirían inconscientes da división xerada no seu seo. Heine, H (1982)

presenza da Radio España Independente (REI) que permitía chegar a todo o estado cunha mesma consigna, dar a coñecer a situación internacional e chegar a un maior público. En toda a maquinaria propagandística xogou un papel clave a configuración da visión mítica dos guerrilleiros. Existía unha imaxe romántica do guerrilleiro que conviviu cos mitos personificados de certos guerrilleiros que se consagraron como heroes nalgúns territorios e, por iso, tamén se convertían en obxectivos primordiais para as forzas represivas¹¹.

A principal baza que tiñan estes grupos armados foi a gran rede de puntos de apoio cos que gozaba e que, nalgúns casos, lles permitiu pasar longas tempadas baixo teito. Pero, ó contrario que a estendida afirmación, estes enlaces non estaban só formados por xente do rural ou obreiros. En numerosas ocasións eran membros do propio clero, membros das clases profesionais (principalmente médicos) e ata membros das forzas armadas os que lles prestaban a súa axuda.

As redes de apoio, segundo ten estudado Ana Cabana (2013), estaban formadas inicialmente e sempre maioritariamente por familiares, seguidos de amigos, amigos de amigos, persoas con afinidade ideolóxica e tamén aqueles que lles axudaban por razóns humanitarias. Estamos, polo tanto, ante redes con relacións e motivacións dispares pero nas que os lazos de parentesco e veciñanza teñen un peso moi significativo. A miúdo se esquece a importancia das redes no estudo da oposición franquista pero cabe recordar que sen eles, esas persoas que con pequenos pero moi arriscados actos de colaboración, a guerrilla xamais tería perdurado no tempo. Neste senso, os guerrilleiros en moitas ocasións teñen declarado que os enlaces eran os verdadeiros heroes da causa ó colaborar con eles, ante delicada situación¹².

En numerosas ocasións actuar de enlaces provocou a persecución de familias enteiras, resultando estas vítimas da represión. Deu lugar a súa deportación, ó seu ingreso en prisión e ó sometemento a numerosos interrogatorios (con torturas incluídas) que nalgúns casos acabaron coas súas vidas e noutros provocaron que estes enlaces se converteran en membros da guerrilla. Estas redes foron, na gran maioría dos casos, fieis e fiables ós grupos ós que apoiaban xa que normalmente eran persoas do seu propio entorno e debido ó respecto amosado polos grupos cara a poboación local, controlando os abusos dos seus integrantes e levando a cabo actos de roubo ou agresión só contra membros da comunidade que se consideraban “merecedores” dos mesmos. “Quico” vai incluso máis lonxe e afirma o seguinte:

¹¹ Un exemplo de mitificación poderíámolo atopar no personaxe do “*Gardarríos*” na zona de Mondoñedo analizado en Cabana, A. (2013)

¹² Un guerrilleiro de renome como “Gafas” afirmaba, anos despois,: “*Os verdadeiros heroes de aquela loita foron esas xentes que arriscaron a súa vida por axudarnos, sen recibir nada a cambio, porque nós nada tiñamos e nada lles podíamos dar*”. Serrano, S. (1988)

“unha grande parte das operacións que se atribuían á guerrilla eran organizadas polo pobo. Ese fenómeno non se deu nin en Levante, nin en Andalucía. Alí, o triunfo víase como militar mentres que nós asumiamos que militarmente non poderíamos acabar co réxime de Franco mais faciamos un traballo de conciencia popular en torno á propia liberación do pobo”¹³.

Nos primeiros anos de posguerra os gardas civís e falanxistas locais de moitos lugares de Galicia, amosáronse pouco dispostos a correr os riscos que suporía tentar acabar cos grupos armados. Nesta realidade influíron tanto a súa relación directa coas familias dos guerrilleiros, nalgúns casos, como, sobre todo, un intento por evitar enfrontamentos que lles puideran custar a vida. Só en casos moi puntuais, inevitables e con todas as circunstancias favorables entraron en enfrontamento directo. Como mostra disto cabe destacar que entre 1940 e 1944 tan só 2 gardas civís perderon a vida¹⁴.

A loita contra a guerrilla levárona a cabo os grupos militares creados a tal efecto polo réxime (contra-guerrillas) que estaban composta por especialistas vidos de fóra da zona para evitar que tiveran lazos coa comunidade e que en moitas ocasións usaron a táctica de facerse pasar por guerrilleiros para poder conseguir información dos enlaces sobre o paradoiro dos guerrilleiros.

A II G.M. foi un fito decisivo na evolución do movemento guerrilleiro en España e tamén en Galicia. O convencemento total dos membros da Federación da intervención aliada ó remate desta provocou un cambio de estratexia. Os grupos adoptaron unha actitude ofensiva e os adscritos a mesma multiplicáronse. A dirección política, como dixemos nas mans do PC, optou por adoptar unha estrutura distinta: agora os grupos estarían organizados en “Agrupacións” formadas por catro grupos de dez guerrilleiros cada unha, cun xefe asistido por un lugartenente. O territorio dividiuse entre cinco Agrupacións, aínda que como veremos algunhas delas duplicaríanse coa aparición do Exército¹⁵.

A comezos de 1943 iniciárase o proceso para a unificación dos grupos pero un duro revés coa detención de máis 20 persoas fixo que se retrasara o proceso ata a primavera dese mesmo ano. A unificación deu lugar a IV Agrupación que sería o xerme para a creación do “Exército de Liberación de Galicia”, que posteriormente se denominaría “Exército Guerrilleiro de Galicia” (en adiante Exército). Esta nova agrupación foi potenciada polo PC ó non conseguir un control efectivo sobre a Federación. É preciso un inciso para realizar un breve comentario sobre ese partido, decisivo para entender os avatares da guerrilla. Debemos dicir que da guerra e da represión saíu un PC diezmado

¹³ *Sermos Galiza* (18/12/2016).

¹⁴ Hai casos documentados de investigacións por “treguas” a certos mandos militares e civís, como se demostra en Aróstegui, J., Marco, J. (2008).

¹⁵ Vd. Anexo 3.

en cadros, estruturas e medios. Isto mantívose así en Galicia ata 1943, cando os membros aínda activos da provincia de A Coruña conseguen organizarse e entran en contacto directo co Comité Central no Interior. O ano seguinte desenvólvese en Lugo unha forte tarefa de reconstrución das organizacións comarcais, tomando o modelo a Federación para a súa exportación a outros lugares da Península, e que serviu como base para a creación da IV Agrupación, como acabamos de indicar. Esta nace onde máis presenza de núcleos de guerrilleiros existía non onde existía unha maior conciencia política: *“As organizacións políticas, e especialmente o PC, non crearon a guerrilla, senón que transformaron ós homes que xa estaban no monte”*(Heine, 1982:84)

Malia os cambios na organización dos grupos e a transformación da actitude dos colaboradores do réxime franquista (ante o perigo desa mesma intervención aliada) os golpes económicos perpetrados seguían sendo escasos e, cando se levaban a cabo con éxito, os cartos eran empregados para as familias de presos e como axuda ós puntos de apoio. Aínda que a cantidade de golpes económicos se mantivo, durante o ano 1945 a guerrilla intensificou a súa actividade de sabotaxe das redes eléctricas e telefónicas nunha campaña espectacular. B. Máiz (1987) tentou realizar un balance aproximado da actividade guerrilleira durante todo o período: 229 enfrontamentos armados contra a Garda Civil, 217 axustizados polos antifranquistas, 59 secuestros de falanxistas, 99 sabotaxes, 321 guerrilleiros mortos, 461 detidos, 88 entregados, 1.128 golpes económicos perpetrados e 61 gardas civís mortos..

O cada vez máis palpable e crecente peso do PC dentro das guerrillas fixo que se acentuaran máis as divisións internas da organización. Estas liñas de fractura tiñan que ver coa acción dos órganos políticos no exilio e que se fixeron máis visibles coa división da Unión Nacional (en adiante UN) e a Alianza Nacional de Forzas Democráticas (en adiante ANFD), fóra esta do ámbito do PC. A Federación procurou loitar contra esas escisións e mesmo tentou fusionar a UN e a ANFD nunha soa organización. A fracasada unión dos dous grandes entes políticos derivouse a unha situación na que os códigos disciplinarios se aplicaron firmemente para evitar actos de desobediencia dentro dos propios grupos.

Para entender a fin do movemento guerrilleiro en Galicia debemos subliñar o peso da represión sobre o mesmo e influencia deses desaxustes políticos. O asasinato de 3 guerrilleiros e 2 colaboradores en 1945, que portaban información moi relevante da Federación, provocou que as forzas represoras coñeceran o verdadeiro alcance e localización da resistencia. Coa información obtida intensificaron a onda represiva causando numerosas baixas na Federación e debilitándoa ata tal punto que xa non puido reporse. A represión foi respondida polos guerrilleiros con agresividade contra os represores pero, isto, implicaba unha maior exposición e un aumento das baixas en combate. Foi esta a etapa máis sanguenta para os dous bandos.

Outro suceso ía ter lugar neste momento provocando unha fonda crise: a Federación, a través da III Agrupación, coñeceu a existencia da IV Agrupación e, con ela, a do Exército sentíndose estafados pola UN e polo PC quen lles asegurara ser a única resistencia armada do noroeste. O PC seguía aumentando a súa influencia nestes anos a través do Exército e de dirixentes da Federación. Foron os comités comarcais de Lugo os que potenciaron a creación da III Agrupación do Exército, o que remarca a separación deste coa Federación que xa contaba cunha III Agrupación.

Durante estes anos, os máis complexos, o PC tamén optou por substituír os seus dirixentes dos organismos rexionais por homes do exilio. Lonxe de ser unha estratexia de fortalecemento e substituír ós homes “queimados” pola loita por sangue nova esta respondía máis ben as divisións internas do partido. As execucións sumarias ordenadas dende o exilio a membros da propia guerrilla foron habituais. Recollemos unhas palabras de “Quico”:

“nós enfrontámonos ós membros do aparato que a dirección do PC en Francia tiña enviado a España para “enderezarnos”, segundo consta nos informes do PC. É dicir, tratábase de impoñernos, coa máxima violencia, unha cultura militarista totalmente contraria á cultura de resistencia que nos unía, dende 1936, ós campesiños, ós mineiros, veciños, familiares e amigos que formaban a rede de apoio do noso movemento de guerrillas.”¹⁶

En xuño de 1945 disólvese a UN e é substituída por órganos do PC. A fervente actividade do partido e a súa dedicación na creación dun exército guerrilleiro fíxolle gozar da simpatía da maioría de antifranquistas durante este período. Pero a polémica xurdida entre a Federación e o Exército facía imposible a supervivencia de ambas. Trala disolución da UN a Federación achegárase a ANFD, o que a distanciaba máis da postura adoptada polo Exército, e polo tanto do PC. Representantes das dúas organizacións (Federación e Exército) decidiron reunirse para afrontar as súas diferenzas e buscar un acordo favorable para ambas, pero un golpe das forzas represivas ó PC de Lugo e A Coruña e o medo a unha nova onda de detencións fixo imposible un acordo.

Este movemento das autoridades contra os organismos do partido, foi só a punta do iceberg para o que suporía unha onda de detencións. Un gran número de colaboradores e membros da formación política caeron. Estas actuacións tiveron especial incidencia nos centros urbanos o que, a súa vez, desencadeou unha adhesión moi numerosa de mozos desta orixe ó Exército. O aumento cuantitativo dos grupos, especialmente da IV Agrupación, provocou unha maior e visible politización comunista dos mesmos, coa conseguinte perda de apoio social, e un cambio de estratexia por parte da dirección levando a cabo, dende este momento, golpes puramente militares. Ademais, este

¹⁶ Carta aberta polas execucións ordenadas polo PC. Martínez López, F (2004)

aumento de efectivos e accións provocou que os grupos estiveran máis expostos e aumentara o número de baixas.

Podemos realizar aquí unha diferenciación entre as dúas organizacións guerrilleiras. Mentres que a Federación seguía un modelo menos activo pero máis práctico cun crecemento seguro e paulatino no que primaba a unidade fronte ós intereses partidistas que dilapidaron a democracia republicana. O Exército implantou un modelo máis activo militarmente o que, a súa vez, conlevaba un maior risco de represión sobre guerrilleiros e enlaces. Esta táctica respondía ó intento de provocar unha insurrección armada e non esperar unha intervención estranxeira.

Esas constantes baixas de guerrilleiros e colaboradores entre 1945 e 1947 e o golpe moral que supuxo a falta de auxilio dos aliados trala II G.M. conlevaron que moitos dubidaran do porvir da guerrilla posto que esta nunca pretendera derrocar ó franquismo por si soa, senón que a súa misión era desestabilizar ó goberno e crear o campo propicio para a intervención aliada, actuando coma apoios cando esta se producira¹⁷. Tralo remate da II G.M. e a non intervención aliada, moitos consoláronse coa idea de que o réxime caería polas presións diplomáticas e económicas dos aliados. Pero, como é ben sabido, o contexto internacional da Guerra Fría truncou esas expectativas. En 1946 a publicación dunha nota tripartita dos ministros de exteriores de Estados Unidos, Inglaterra e Francia desvinculándose do porvir de España desbaratou toda esperanza¹⁸.

En palabras de *Gafas*:

“Fomos os primeiros do mundo en combater o fascismo e somos os últimos do mundo en sufrir a tiranía do cómplice de Hitler e Mussolini. Os aliados axudan a ese cómplice, traizoando ós seus mortos do 39 ó 45. Isto é o mundo!” (Serrano, S. 1988:241).

Tamén a percepción da poboación civil que servira como apoio ós guerrilleiros cambiou durante esta última etapa. Os guerrilleiros eran vistos xa coma unha carga e un problema para a súa seguridade (debido ó aumento da represión nos lugares onde operaban). Co tempo a táctica adoptada polo Réxime de minar os apoios sociais da guerrilla demostrou ser eficaz e correcta para poñer punto final ó seu problema. A isto debemos sumarlle que o PC optara, nunha estratexia que buscaba un maior control sobre os cadros da guerrilla, por enviar guerrilleiros a grupos afastados dos seus lugares de orixe provocando a quebra das relacións de confianza cos seus puntos de apoio. Ante

¹⁷ Este aspecto esta presente nas testemuñas recollidas en: Corcuera, J. (2001) e tamén nunha declaración do guerrilleiro César Ríos citada en Serrano, S. (1988: 190): *“Creamos a Federación non coa ilusión infantil de derrotar a Franco, senón co propósito de ser útiles á democracia coa nosa intervención en caso de que un accidente arrastrara a España ó conflito mundial. Visto hoxe é sinxelo dicir que non había esa posibilidade, pero en aqueles tempos era difícil o augurio.”*

¹⁸ Vd. Anexo 4

este panorama foron moitos os guerrilleiros que optaron por desertar e tentaron fuxir do país o que supuxo outro duro golpe para a organización guerrilleira. Malia isto, as Agrupacións continuaron perpetrando golpes contra infraestruturas, forzas do réxime e destacados franquistas e potenciaron a actividade propagandística do movemento, tentando incluso disfrazar a mala situación que atravesaban nos seguintes anos. A represión seguiu cebándose cos guerrilleiros (cando era posible localizalos) e os enlaces ata 1952 cando puxeron fin a todos os grupos que sobreviviran.

4. As do monte: as mulleres e a loita armada antifranquista

Asasináronas,
mais sempre estarán vivas en nós.
Encarceráronas,
mais sempre estarán libres en nós.
Exiliáronas,
mais sempre estarán dentro de nós.
Acaláronas,
mais sempre falarán para nós.

Claudio Rodríguez Fer

Antes de entrar de cheo no tema das mulleres e a guerrilla consideramos que é preciso realizar algunha precisión xeral do papel destas nestes tempos convulsos. As mulleres combateron en moitas fronteas e de múltiples maneiras, en moitos casos poñendo en valor os seus roles de xénero. Así a historiografía máis actual, da que I. Abad (2008) pode servir de exemplo, non deixa de significar a súa presenza e reivindicacións nas portas das cárceres, na súa condición de mulleres de presos. Reivindicacións que tamén expresaron no ámbito laboral. As manifestacións e mobilizacións nas fábricas e minas foron gañando peso ó longo da ditadura e nelas teñen un protagonismo transcendental as mulleres. Nestas manifestacións, como asegura C. Cabrero (2006) unha das estudosas, as mulleres non dubidaron en empregar o rol que se lles asignaba tanto para insultar ós homes que acudían ó posto de traballo desoíndo as protestas ou no emprego de “armas” propias contra as forzas represivas. Estas armas eran obxectos cotiáns asociados as “labores femininas”: sacos de pementón, tacóns...E mesmo empregaron a represión como forma de protesta, as mulleres “rapadas”, como ten sinalado X. Prada (2017), en ocasións alardeaban do seu “corte de pelo” ante as autoridades como mostra da non sumisión ante estas. As mulleres fóronse amosando como un esclavón fundamental na resistencia e no tardofranquismo gañaron moita visibilidade. A Lei de Asociacións deu pé a reivindicacións colectivas cada vez máis numerosas e significativas na procura dunhas mellores condicións de vida e de cotas de liberdade (asociacións de amas de casa, veciñais, de nais de alumnado escolar, etc.). Historicamente téñense desprezadas estas formas de resistencia sen ter en conta o seu altísimo valor para a consecución dun

estado democrático ó final da ditadura. Os ambientes masculinizados impediron recoñecelas coma militantes conscientes e foron consideradas vítimas do réxime, limitando os casos máis emblemáticos de resistencia feminina coma casos paradigmáticos. Hoxe podemos afirmar que foron unha peza chave. En palabras de C. Cabrero:

“Houbo limitacións, pero tamén transformacións, evolución e progreso e isto, lonxe da idea de uns suxeitos pasivos e apolíticos, pon de manifesto a existencia dunha realidade plural de mulleres que se converteron en protagonistas do cambio social e que fixeron da súa vida cotiá unha forma propia de resistencia.”(Yusta, M., Peiró, I. (2015)

Non debemos esquecer que as redes e estruturas orixinadas como formas de resistencia ó franquismo serviron como base para as reivindicacións de xénero que, posteriormente, se incorporarían como aspiracións do estado de benestar.

Entrando xa en materia e volvendo ó noso relato principal, cabe comezar sinalando que a II República foi un período de aprendizaxe de cultura política para as mulleres así coma unha etapa de concienciación feminista. Os cambios promulgados pola Constitución republicana foron recibidos con certa reticencia tamén polos sectores esquerdistas máis moderados, que non dubidaron en empregar falsos argumentos machistas e consideraron as mulleres “pouco preparadas” para o sufraxio pola súa falta de madurez ideolóxica. O sectores de ultradereita non tardaron en mostrar a súa postura retrograda respecto ó rol feminino¹⁹.

Un claro exemplo de politización no eido do xénero aconteceu en 1934, coa fundación da Asociación de Mulleres Antifascista ante o complexo panorama europeo que se deixaba entrever. Inmediatamente despois da sublevación militar do 18 de xullo de 1936 as mulleres máis activas política e socialmente foron eliminadas fisicamente ou víronse abocadas ó exilio. Como ten estudado X. Prada (2013), considérase ás mulleres como vítimas porque as “superviventes” foron vítimas do modelo de muller que impuxo o franquismo.

As formas coa que algunhas mulleres amosaron o seu disenso foron múltiples, dende a resistencia cotiá ata a súa participación na loita armada. O papel que se lle presupuña a

¹⁹ Deixábanse claras na publicación das Normas de Falanxe para as Mulleres, publicadas nos xornais do 17/3/1937. Eran 17, das máis ilustrativas poderían ser: *a. ofréndate abnegadamente a unha tarefa. b. Que a túa vida sexa de abnegación e sacrificio. c. Sé cada día máis muller. d. Non é para ti a acción, si o alento de obrar heroico. e. Non traizoes o teu magnífico destino de muller entregándote a funcións de varóns. f. Procura ser sempre o exacto cumprimento do home. g. Coida a túa alma e o teu corpo para deus e a falanxe.* (Yusta, M., Peiró, I. 2015)

muller foi o que marcou as súas formas de resistencia. Foron, en moitos casos, as propias organizacións quen limitaron a súa participación coa división do traballo en función do sexo.

“...a participación das mulleres na loita verdadeiramente armada tamén tiña as súas formas específicas. As mulleres transportaban as armas pero moi poucas participaban directamente nos combates, polo que se pode reducir o compromiso guerrilleiro ó aspecto militar, so pena de excluír as mulleres da memoria resistente.” (Martínez, O. 2008:316²⁰).

No relativo á resistencia cotiá cabe sinalar que era habitual velas protagonizando accións definidas como alboroto público e tamén as agresións as autoridades na rúa como forma de protesta polas condicións de vida que estaban sufrindo. Cando estes incidentes transcendían o ámbito local polo número de mulleres involucradas ou pola dimensión da acción (boicots ós transportes, asaltos a trens, saqueos...) tomábanse as medidas represivas máis duras. Outras formas de resistencia cotiá foron o alarde público das tendencias políticas, obstaculizar as investigacións policiais con declaracións falsas ou defender a memoria republicana. En España foron moi poucas as mulleres que se botaron ó monte (cálculase que menos de un centenar), pero a súa labor como enlaces nas redes de apoio foi indiscutible e inescrutable, exercendo un papel de estruturación das mesmas. Moitas foron represaliadas e non poucas pagaron coa súa vida. Foron represaliadas por partida dobre: pola súa participación política “desnaturalizando o seu corpo” polo que foron humilladas publicamente (violadas, rapadas...) ou por ser familia de opositores, é dicir, pola participación de familiares na resistencia. Neste senso considerábanas culpables por “non manter a orde moral do seu fogar”. Noutros casos sufriron esta violencia como “violencia en diferido” para castigar ós seus parentes “fuxidos”. Así, as mulleres adquirían un compromiso político non elixido cando algúns dos homes da súa familia se ía ó monte coma nos indican C. Blanco e C. Rodríguez Fer (2009). Como dicíamos, foron elas as grandes e indiscutibles protagonistas das redes de apoio. Recollese nitidamente na obra dos autores anteriormente citados como a súa colaboración provocou o encarceramento de moitas delas nos anos 40. Como indica Mercedes Yusta: “*A experiencia da represión aparece a miúdo como un elemento desencadéante que empurra a mulleres, que a miúdo carecen dun pasado militante, a colaborar coa resistencia*” (2015:185).

Non foron poucos os historiadores que tentaron despolitizar as súa accións concibíndoas como feitos ligados ós lazos afectivos. Non debemos subestimar o poder das relacións de parentesco na resistencia pero debemos ter presente que estas mulleres eran

²⁰ Citado en Aróstegui, J., Marco, J.. (2008).

conscientes das implicacións e os riscos que asumían. Debemos considerala, polo tanto, unha decisión política aínda que, tradicionalmente, se tentase presentar coma unha decisión íntima que desliga as mulleres da política.

Houbo familias enteiras represaliadas polo delito de “auxilio a rebelión”, que era o xenérico nome dado ó apoio á guerrilla o que conleva varias integrantes femininas, que tiveron que soportar o calvario de que os seus corpos se empregasen como “campos de batalla”, en palabras de A. Marco (2011) ²¹. Poderíamos citar á familia Valle, na que destacamos a Ludivina Valle Fernández e as súas curmáns Clotilde e Celia Valle Valle, e á familia Fernández Cadórniga, cuxas compoñentes femininas son coñecidas como “As Xoubas”²².

En canto ó seu papel na loita armada, cabe destacar que poucas mulleres tiñan experiencia militar posto que as “milicianas” que tomaran parte na Guerra foron eliminadas ou sufriron o exilio. Aínda así, si hai casos constatados de mulleres do exército republicano na guerrilla. Outras, tiñan experiencia nas guerrillas urbanas e, un factor común a todas elas, e que adoitaban ter lazos con algún membro da guerrilla previamente. Podemos traer a colación aquí o caso de “Chelo”. Esta guerrilleira, que permanece no exilio, reconece a súa participación en 6 ou 7 combates armados protagonizados pola guerrilla. É impactante saber que, a *Chelo*, lle custa falar do tema, e intenta xustificar a violencia como un mero feito de supervivencia, algo que contrasta fortemente coa maioría dos seus compañeiros masculinos. Isto responde, sen dúbida, a impronta do rol de xénero. Moitos relatos e explicacións políticas son ocultadas e minusvaloradas polas propias guerrilleiras, o que hai que entender no marco da violencia psicolóxica sufrida durante a ditadura e ó posterior silencio na democracia. Como sinalan Aróstegui e J. Marco (2008) a reprobación moral de aqueles días, que permanece hoxe en día en certos sectores sociais e políticos, dificulta que reafirmen o seu compromiso político en público, preferindo desvirtuar a súa memoria.

Na guerrilla houbo unha dobre realidade: nalgunhas partidas desempeñaban as mesmas tarefas que os homes e tiveron un trato igualitario, noutros casos o seu rol social mantívose e non tomaban parte das accións armadas. No primeiro dos casos a experiencia resultou ser liberadora para as mulleres que colleron as armas, o medo e o duelo transformáronse en compromiso político contra a ditadura²³. Pero, de xeito paragórico, no seo da guerrilla buscouse ocultar a presenza de mulleres na loita armada porque consideraban que isto se podía interpretar coma un sinal de debilidade ou falta de moralidade. Na Federación mesmo se prohibía a presenza feminina nos seus

²¹Os estudos realizados por X. Prada (2013) permítennos poñer cifra a represión “legal” sobre as mulleres, vd. Anexo 6

²² Vd. Anexo 5

²³ En palabras dalgunhas destas guerrilleiras: “*Alí (na guerrilla) aprendemos o que era a igualdade*”. Marco, A. (2011)

estatutos pero, malia iso, nesta organización guerrilleira non só houbo mulleres senón que estas amosáronse moito máis activas e comprometidas coa causa que en ningunha outra formación da Península²⁴. Os homes da guerrilla, en moitos dos casos, non tiveron problema en recoñecer a transcendencia do papel da muller na resistencia e así o recollen numerosas declaracións dos propios protagonistas:

“Non teño datos precisos pero atreveríame a afirmar que máis do corenta por cento da nosa guerrilla eran mulleres. Enténdase: non todas como guerrilleiras permanentes no monte, pero si no resto de actividades, como enlaces, como colaboradoras, en diferentes trafegos. A muller galega tivo unha presenza moi activa na nosa loita: e en boa medida a ela débémolle a supervivencia da guerrilla. Nos abastecementos, na propaganda, nas tarefas de intelixencia, na desinformación ó inimigo, no aseguramento de puntos de apoio, na función de enlaces...En todo” (“Moncho” (Marco, A. (2015:16))²⁵.

“Houbo compañeiras na guerrilla pelexando coma os homes, con un arma. Sobre todo na base popular. A muller, ó menos na nosa rexión, a rexión de Galicia e León, foi o factor case determinante da existencia das guerrillas. Participaron tanto ou máis que os homes en tódalas misións que se lles encomendaba (...) Digo isto en honra a muller e tamén en pro de que a muller neste país chegue a alcanzar o lugar que lle corresponde na sociedade.” (“Quico”, citado en Marco, A. (2015:17))²⁶.

O réxime franquista tentou humillar ás mulleres que se botaron ó monte e tamén ás da retagarda que conformaron as redes de apoio da guerrilla. Estenderon a idea de que aquelas actuaban como “prostitutas” e desposuíanas de calquera tipo de valía moral e política.

“Naquel tempo ás mulleres que andábamos con guerrilleiros chamábanos putas. Eran os fascistas e a Garda Civil os que dicían iso: “as putas dos roxos, esas están fodidas polos roxos” dicía o Cartón aquel do Cuartel de Ponferrada, cando estábamos alí varias mozas de guerrilleiros” (“Chelo” (Marco, A. (2011:73))

A memoria tampouco é igualitaria. Recordamos nomes de guerrilleiros, pero non de guerrilleiras, malia que xa a historiografía ten avanzado no seu estudo e xa se pode “nomear” a moitas delas sacándoas do esquecemento social. Na Federación estarían a xa

²⁴ É aquí onde xoga un papel chave os proxectos de historia oral levados a cabo por moita historiografía sobre a guerrilla na actualidade, para recoñecerlles (mesmo que sexa moi tenuemente) a súa labor posto que as fontes tradicionais non recoñecen á muller o seu papel resistente.

²⁵ Recollida en Neira Vilas (1992:41)

²⁶ Declaración recollida de “El movimiento guerrillero en los años 40” (2003:43)

citada Consuelo “Chelo” e Antonia Rodríguez López (irmáns), Felicitas Fernández Cadorniga e Domitila Gutiérrez Alba, por exemplo. No Exército debería destacarse as figuras de María Blazquez, Josefina González, María “Marita”, Josefina e Clementina Remedios Gallego (tamén irmás) e Antonia Díaz Pérez²⁷. E finalmente citaremos á guerrilleira probablemente máis afamada e controvertida de Galicia e lucense de orixe Enriqueta Otero²⁸, que participou activamente na resistencia armada ata ser detida en 1946²⁹.

A historia das mulleres na resistencia podemos definila, facendo nosas as palabras de Odette Martínez³⁰, como a das “...mulleres que foron vencidas e que ó relatar o seus combates e as súas derrotas desafían a historia escrita dende o punto de vista dos vencedores de onte e hoxe” (2008:326).

5. A memoria da guerrilla e o seu papel na cultura actual.

Dende os anos oitenta as producións culturais relacionadas coa resistencia franquista e, especialmente coa guerrilla, foron numerosas e variadas. Cabe destacar principalmente o sector editorial. As publicacións con esta temática cóntanse por milleiros e, como veremos a continuación, teñen unha natureza moi diferenciada. Para esta enumeración de produtos culturais elaborados previamente a este TFG, e que servirán de base para a elaboración dun marco no que instaurar ideas propias, optamos por realizar unha clasificación en distintas seccións: industria editorial, manifestacións orais, industria musical, audiovisual, mostra teatral, visitas culturais e homenaxes. Evidentemente non pretendemos unha total exhaustividade, pero si temos a pretensión de recoller os máis subliñables.

Na industria editorial debemos destacar primeiramente a gran cantidade de mono grafías que tocan a temática, tanto en investigacións rigorosas coma en formatos novelados, pasando polas biografías e autobiografías. Moitos foron os historiadores que abarcaron este tema e, algúns, xa foron empregados para a labor de documentación deste TFG polo que non os reiteramos. Pero tamén houbo libros que vencellan o histórico e a ficción coma “*Los imprescindibles*” de Raimundo Castro (2016), o cal destacamos por ser o primeiro en presentarse no Congreso de Deputados, un espazo cun evidente labor de memoria. Outros pretenderon dar voz as esquecidas da represión, as mulleres, como

²⁷ Marco, A. (2011) e Blanco, C., Rodríguez Fer, C. (2009).

²⁸ Vd. Rodríguez Gallardo, A. (2005).

²⁹ Enriqueta Otero nunha entrevista a COPE en 1987 comentaba: “*quiero hacer todavía muchas cosas por él antes de que me “duerma”; porque yo no quiero “dormirme” aún; y no es porque me interese mucho esta vida de desequilibrio que ha creado el sistema capitalista-burgués-explotador; un sistema de transición parecido al que afectó al Imperio Romano cuando los bárbaros lo invadieron*”.

³⁰ Citada en Aróstegui, J., Marco, J. (2008).

exemplo temos a obra “*Guerrilleras la ilusión de una esperanza*” de Esperanza Martínez (2010) e, non debemos esquecer o impacto das obras autobiográficas de guerrilleiros, entre os que destacaremos, pola súa repercusión social, “Quico”, un dos últimos guerrilleiros vivos, e o que máis labor de difusión esta levando a cabo nos últimos anos (a través do seu blog e das incontables conferencias que imparte en centros de ensino en España), e que leva por título “*Guerrillero contra Franco, guerrillero contra el olvido*”(2000), respecto as biografías podemos destacar a realizada por Afonso Eiré (2015), “*O Piloto, o último guerrilleiro*”. Debemos destacar tamén a produción poética, que xa se iniciou durante a ditadura e que continua tendo a loita antifranquista como temática. Neste ámbito podemos destacar a recoñecida obra poética de C. Rodríguez Fer, profesor da Facultade onde se expón este traballo, e do cal seleccionei unha peza que inicia a sección “*As do monte: as grandes esquecidas*”. Tamén nesta liña, pero engadindo música estaría o proxecto ideado e levado a cabo por Carmen Penín, no que colaboran, entre outros, os membros do grupo de investigación da Universidade de Santiago “*Nomes e Voces*”, dirixido por Lourenzo Fernández Prieto, e que leva por título “*Heredeiras*” (2017) .

Na sección de manifestacións orais incluímos non só as charlas ou seminarios, senón tamén outras accións relevantes que se levaron a cabo. As conferencias en centros educativos e centros sociais a cargo de especialistas na temática e mesmo de protagonistas da resistencia armada, como o citado “*Quico*”, son cada vez máis habituais para a concienciación e a difusión do noso pasado e da importancia da loita armada. Puidemos rastrexar seminarios, cursos e conferencias ó longo de toda a xeografía do Estado (Málaga, Nerja, Oviedo, Alacante etc.) e tamén de Galicia. Podemos subliñar a importancia que no caso da nosa cidade, Lugo, ten a recente inauguración do Vello Cárcere, do que falaremos máis adiante, por ter sido no curto prazo que leva aberta a visitas, un núcleo fundamental para a memoria das vítimas do franquismo. Tamén cabería citar o ciclo ‘*La dictadura franquista: persecución y resistencia*’ no que participaron, entre outros, o propio H. Heine, e que se completou cunha exposición no Museo Provincial, este ciclo durou dende o día 4 ó 17 de decembro de 2014. Entre os seminarios monográficos dedicados a rememorar o antifranquismo e as vítimas, que nos últimos anos vive un auténtico auxe, resaltaremos o “Seminario sobre a memoria” de Rianxo ou a súa edición na Mariña lucense. Ambos contan xa con numerosas edicións anuais no seu haber e estiveron dedicados á guerrilla, en concreto, no ano 2012.

Unha iniciativa que chamou moito a miña atención foi a Caravana pola Memoria Histórica, unha iniciativa impulsada por “*Quico*” e “*Sole*”, alias de Esperanza Martínez. Dous guerrilleiros que sufriron nas súas carnes a represión e que na actualidade loitan polo recoñecemento dos seus compañeiros caídos. Esta iniciativa ten a finalidade de

divulgar a memoria da guerrilla entre os máis novos, de aí que teña moita presenza en institutos de ensino medio.

No marco musical debemos destacar que tamén existen composicións dedicadas á resistencia franquista, malia non ter a presenza continua e numerosa que si ten esta temática na literatura ou en actividades de difusión cultural como son os seminarios e conferencias. Neste parécenos de destacar un evento de música en directo celebrado en Madrid por iniciativa da Asociación pola Recuperación da Memoria Histórica (en adiante ARMH) e que contou coa colaboración de numerosos artistas e famosos comprometidos coa causa e que se celebrou en xuño de 2004³¹. No caso galego, alén do comentado proxecto de C. Pením, debemos referenciar que hai unha canción sobre o guerrilleiro “*O Piloto*” da autoría de Liviao de Marrao.

Dentro do que son as producións audiovisuais merecen ser destacados aqueles produtos que se realizaron en formato documental. Estas creacións teñen moito valor, xa que fan unha labor de recuperación de testemuñas orais de algúns dos protagonistas da loita armada ou de veciños dos pobos que viviron esa etapa. Algúns destes documentais foron empregados como fonte documental neste TFG e aparecen recollidos na bibliografía. Por ser unha temática recorrente merecen un apunte aqueles documentais que están enfocados a narrar a vida de guerrilleiros ilustres, caso de Camilo de Díos³², ou “*O Piloto*”³³. Aínda que minoritario en canto a súa preocupación temática, gustaríanos destacar o documental “*As silenciadas*” dirixido por Pablo Ces pola súa preocupación polo papel das mulleres guerrilleiras.

Tamén podemos engadir, no ámbito do visual, a organización de exposicións fotográficas en moitos puntos da xeografía estatal. Neste caso citarei unha sesión realizada polo fotógrafo Juan Plasencia que ten por título “*Els Ultims*” e que recolle retratos de algúns dos guerrilleiros que continúan con vida.

As mostras de teatro relacionadas coa resistencia antifascista que puidemos rastrexar tamén son moi poucas, pero si houbo algunhas que lograron estrearse ó público. Dentro destas destacaremos a presenza da obra teatral “*Km 526*”, montaxe do Taller de Arte Dramática da nosa universidade, a USC, e baseada nunha peza de Rodríguez Fer, e a obra “*Entre rojas / Entre rejas*”, adaptación de Joaquín Robledo (2016), pola súa temática centrada no rol de xénero e as cárceres franquistas é un punto de referencia.

No referido ó tópico das “visitas culturais”, fixemos un seguimento para constatar aquelas visitas programadas a lugares emblemáticos para a resistencia franquista: centros de prisioneiros, lugares onde se empregou man escrava para a obra pública,

³¹ *Público* (18/6/2014).

³² García, M., Iglesias, P., Pirola, J. (2016).

³³ Documental co mesmo título de Reigosa, X. e Eiré, A. (2014).

fosas comúns, lugares de caída de guerrilleiros que morreron abatidos, etc. Hai algunhas, como as últimas citadas, que se suceden todos os anos e en moitas ocasións con motivo do aniversario da morte das vítimas que alí se atopan³⁴. Neste aspecto é de recibo destacar a recuperación do Vello Cárcere de Lugo³⁵. Este edificio que serviu coma centro penitenciario durante a ditadura franquista rehabilitouse neste ano de 2017 como un centro social e de recuperación da memoria. Parte dunha iniciativa da Administración local e conta co apoio da ARMH e da Asociación para a dignificación das Vítimas do Fascismo (AdvFS). A proposta de programación estivo nas mans dunha alumna da Facultade de Humanidades (Grao de Ciencias da Cultura e Máster en Servizos Culturais), Cristina Fiaño, a quen tivemos o pracer de entrevistar (ver Anexo 7) respecto da súa labor e do seu papel na coordinación nas exposicións da memoria presentes no Cárcere. Estas son “Un cárcere, unha porta e un xardín”, que trata sobre a historia do centro, “Dende o panóptico: cada cela unha fiestra”³⁶, na que trece artistas expoñen a súa obra³⁷, e “Vermellas: Chamábanlles rojas”, obra de C. Blanco e Rodríguez Fer (2009), onde se fai unha aposta pola recuperación da memoria das vítimas da represión feminina. A posta en valor do Vello Cárcere está acadando unha resposta moi positiva tanto por parte dos creadores culturais, como pode verse pola implicación á hora de realizar instalacións para edificio, como do público en xeral, que segundo a prensa e os responsables do concello de Lugo, está superando con creces calquera previsión³⁸ (a ampliación do persoal para visitas guiadas e os horarios das mesmas é un válido indicador). O edificio e a súa posta en valor está a converterse, sen dúbida, nun dos grandes atractivos a nivel galego para a reflexión e a concienciación cidadá sobre os valores democráticos.

Finalmente no capítulo de “homenaxes”, incluímos tanto cerimoniais que recordan a loita pola liberdade e a democracia do movemento guerrilleiro en xeral como de actos dedicados a guerrilleiros concretos. Estas homenaxes poden ser actos solemnes, xornadas de reflexión ou a inauguración de placas e estatuas recordando ós caídos. No cemiterio de Mondoñedo, por exemplo instaurouse unha placa por iniciativa da ARMH recordando as vítimas da represión franquista no concello, igual que se tiña feito en Vigo no Campo da Rata.

³⁴ Un destes actos anuais atopámolo no pozo Fortuna en Asturias, un dos lugares máis emblemáticos da Península polo elevado número de corpos alí soterrados e o dramatismo que conlevou o seu asasinato. RTPa (22/10/2016).

³⁵ Vd. Varela, S. (31/3/2017), Hernández, C. (29/3/2017) e *Axencia de Noticias Efe* (20/3/2017).

³⁶ *Axencia de Noticias Efe* (11/4/2017).

³⁷ Os artistas participantes foron: Mónica Alonso, Clemente Bernad, Misha Bies Golas, Pedro G. Romero, Patricia Gómez e M^a Jesús González, Ramón Mateos, Tatiana Medal, Berio Molina, Carlos Maciá, Jérémy Pajeanc, Rodríguez-Méndez e Jorge Varela.

³⁸ *Axencia de Noticias Efe* (4/4/2017).

Para finalizar esta sección de repaso de iniciativas culturais, faremos mención especial ó labor das asociacións para a recuperación da memoria que xa foron citadas pero que merecen unhas liñas de recoñecemento en tanto que son o motor ou unha colaboración valiosísima de boa parte das accións culturais. Estas asociacións traballan arduamente pola recuperación da memoria histórica. Para realizar este TFG contactamos cun responsable da ARMH de Lugo que nos facilitou unha entrevista³⁹. A labor desta asociación é principalmente reivindicar os crimes da ditadura traballando especificamente no relativo á escavación das fosas comúns para devolver os restos óseos das vítimas as súas familias, pero tamén desempeñan unha gran actividade cultural para concienciar ó público xeral sobre a necesidade dunha memoria de restitución. Estas asociacións contan con moi pouco apoio por parte das administracións e dependen principalmente de doazóns e de traballo voluntario, malia iso logran uns resultados sorprendentes.

6. Proposta de xestión cultural arredor da memoria da guerrilla

Nesta sección do TFG faremos unha proposta de produto cultural relacionado coa guerrilla en Galicia coa finalidade de difundir a memoria histórica da mesma. Optamos por desenvolver un macroproxecto transmedia que incite ó público a saber máis sobre esta realidade que conforma, entendemos, un patrimonio digno de recordar e por en valor.

O noso proxecto iniciárase coa produción dunha recreación en formato televisivo. A nosa iniciativa tería como referente “Un pobo francés”, serie francesa estreada en 2009 e que se caracteriza pola súa fidelidade histórica e o seu realismo. Nesta serie teríamos unhas personaxes principais que serían os membros dunha familia republicana á que a represión non deixa inmune ningún dos seus membros: pais fusilados tras pasar pola prisión, un irmán obrigado ó exilio, unha irma menor violada, outra enlace que sofre o acoso dos represores, e outra tamén enlace que se ve obrigada a fuxir ó monte xunto a dous irmáns.

O proxecto iría acompañado doutras iniciativas relacionadas: unha web propia, onde se puidera ver unha “mini webserie” con capítulos moi curtos sobre cada personaxe. Nesta web engadiríamos códigos QR con enlace a vídeos de testemuñas da época e lanzaríanse pequenos relatos que narren a vida de distintos guerrilleiros e enlaces relevantes na historia do antifranquismo. Tamén habilitaríamos espazos nas redes sociais, nas que se interacciona cos seguidores e na que se realizarían publicacións imitando unha comunicación epistolar entre personaxes da serie. Xeraríamos un blog no

³⁹ Recollida no Anexo 8.

que se realizaría unha divulgación histórica con publicacións ó estilo: “tal día coma hoxe en 1939...”. Este contaría con enlaces directos ás páxinas de asociacións relacionadas coa recuperación da memoria histórica e a proxectos de investigación sobre a materia. Finalmente elaboraríamos unha aplicación móbil na que o espectador puidera recabar información sobre personaxes e lugares reais citados na emisión.

Tamén está pensada a posibilidade de realizar “quedadas” en lugares emblemáticos de resistencia e represión nas que se aproveitaría a reunión para diferentes actividades: conferencias breves sobre historia do franquismo, con intervencións de persoas que sufriron a represión da ditadura e de autoridades invitadas, recitais de poesía, música en directo e relacionada coa temática, obras de teatro ou mesas redondas nas que tratar o tema da loita armada contra o franquismo.

É evidente que este macroproxecto non resultaría sinxelo nin económico pero, a pesar disto, buscaríamos maneiras alternativas de financiación: patrocinadores privados, axuda das asociacións, *crowdfunding*...para evitar solicitar axudas públicas e polo tanto depender do poder político.

Finalmente, e aínda que fóra do que sería a nosa proposta, non podemos deixar pasar a ocasión de sinalar neste TFG que estimamos preciso a creación dun museo ou cando menos, da sección dun museo, dedicado á resistencia galega. Proporíamos para iso seguir o modelo do existente en León.

7. Conclusión.

Como vimos ó longo deste traballo a resistencia armada en Galicia ó franquismo, ó contrario do que a memoria política e social garda, tivo unha grande importancia: foi a primeira resistencia organizada en España e mantívose no tempo. O estudo da guerrilla que chega ó público xeral ten sido parcial e moi personalizada en figuras relevantes. Considero que os avances feitos pola historiografía na súa análise aínda permanecen bastante afastados da opinión pública. Por iso considero que ten cabida e interese un traballo como o realizado aquí, que tentou ofrecer un enfoque xenérico, sen agarrarse ós nomes e cunha perspectiva que ten presente que a loita contra o franquismo está na base da consecución da democracia en España. Entendemos que para lograr un relato totalmente verídico a ditadura, tense que integrar a memoria histórica das vítimas. Para iso, como reclaman moitos historiadores do período é necesario crear unha comisión da verdade, desclasificar os documentos que aínda hoxe se agochan e permitir as familias recuperar os restos seus seres queridos. O Congreso de Deputados non recoñeceu ós guerrilleiros a súa situación de combatentes pola República, negouse a anular as sentencias e a desclasificar documentos incriminatorios perpetuando no tempo unha

represión descoñecida para moitos. En palabras de Máiz (2004:17): *“Sobre a represión como sobre tantas outras cousas do noso pasado inmediato non houbo revisión política verdadeiramente democrática, senón un pacto de silencios cómplices, un veo compracente...”* .

É responsabilidade de todos esixir que se rompan eses silencios e se faga xustiza cos caídos pola democracia defendendo un ideal lexítimo que se logrou nas furnas e que un golpe de Estado aniquilou, e de aí que un TFG sobre a guerrilla e a súa memoria teña sentido nesta altura, como exercicio de civismo no ámbito académico. E, na mesma liña de pensamento, fixemos fincapé non só nos guerrilleiros “sen nome” e nos seus enlaces, senón que tentamos por o acento no papel das mulleres na resistencia, porque teñen sido a columna vertebral da mesma, pero son as súas grandes esquecidas. É necesaria unha lexitimación do rol feminino na resistencia en tanto os propios varóns protagonistas da loita armada destacan o seu papel.

Neste senso, dende o eido da cultura, debemos recoñecer que moito se está a facer, dende todos os ámbitos, pero segue a ser precisa a creación de novos produtos culturais que lle dean maior visibilidade e que involucren, con iso, á sociedade na loita pola recuperación da memoria.

8. Bibliografía consultada.

- Abad Buil, I.(2008): “El papel de las "mujeres de preso" en la campaña pro-amnistía”. *Entelequia*, 7, pp. 139-151
- ARMH (2000). *Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica*. En: memoriahistorica.org.es/
- Aróstegui, J., Marco, J.(2008): *El último frente : la resistencia armada antifranquista en España: 1939-1952*. Madrid: Catarata
- Blanco, C., Rodríguez Fer, C.(2009). *Vermellas: Chamábanlles “rojas”*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela
- Cabana, A.(2013): *La derrota de lo épico*. Valencia: Universitat de València
- Cabrero, C.(2006): *Mujeres contra el franquismo (Asturias 1937-1952). Vida cotidiana, represión y resistencia*. Oviedo: KRK Ediciones
- Casal, S.(2015). *Lobos sucios*. Agallas Films, Dream Team Concept, Left Field Ventures
- Ces, P.(2011). *As silenciadas*. MrMisto films
- Cobo, I., Martínez Maler, O., Puertas, L. (2008). *La isla de Chelo*.
- Corbelle, S.(25/6/2017).” Una guerra librada por ellas, las rojas”. *El Progreso*, p. 10
- Corcuera, J.(2001). *La guerrilla de la memoria: recuerdos de los maquis*. Oria Films S.L.
- De Juana, J., Prada, X.(2006): *Lo que han hecho en Galicia*. Madrid: Crítica
- Eiré, A., Reigosa, X.(2014). *O Piloto*
- (2015): *O Piloto, o último guerrilleiro. A Coruña*: Hércules Ediciones
- Flores, X.. (2001). “El Gobierno de la República en el exilio. Crónica de un imposible retorno”. *Historia Contemporánea*, V, 309-350.
- García, M., Iglesias, P., Pirola, J.(2016). *Camilo: o último guerrillero de Galicia*. Sánchez, A
- Heine, H.(1982): *A guerrilla antifranquista en Galicia*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia

- Lamela García, L.(1992): *Foucellas: El riguroso relato de una lucha antifranquista 1936-1952*. A Coruña: Edicións do Castro
- Máiz Vázquez, B.(1987): *A resistencia armada ao franquismo*. Nosa Terra. A Nosa Historia, 2, pp. 4-7
- (2004): *Resistencia, guerrilla e represión: causas e consellos de guerra Ferrol: 1934-1955*. Vigo: A Nosa Terra
- Marco, A.(2011): *Mulleres na guerrilla antifranquista galega*. Bertamiráns: Edicións Laiovento
- Marco, J.(2012): *Guerrilleros y vecinos en armas: identidades y culturas de la resistencia antifranquista*. Granada: Comares
- Martínez López, F. “Quico” (2004). *Memoria Cautiva*. En: memoriacautiva.blogspot.com.es/
- Palacios, M.(2004) *Rejas en la memoria*. Sogecable S.A., Pirámide S.A
- Peiró, I. Yusta, M.(coord.)(2015). *Heterodoxas, guerrilleras y ciudadanas: resistencias femeninas en la España Moderna y Contemporánea*. Zaragoza: Institución Fernando el Católico, Deputación de Zaragoza
- Pérez de Vega, J.R.(2016). *Rafael de Vega*. En: www.rafaeldevega.es/carcere-de-lugo/
- Prada, X.(2013). *Franquismo y represión de género en Galicia*. Madrid: Catarata
- (2017) “Escarmentar a algunas y disciplinar a las demás Mujer, violencia y represión sexuada en la retaguardia sublevada” *Historia Social*, 87, pp. 67-83
- Robledo, J.(2016). *Entre rojas/Entre rejas*
- Rodríguez Gallardo, A.(2005). *Letras armadas as vidas de Enriqueta Otero*. Lugo: Fundación 10 de Marzo
- Serrano, S.(1988). *La Guerrilla antifranquista en León: (1936-1951)*. Madrid: Siglo XXI
- Simón, D.(2009). *Médicos y maquis gallego (I)*. *Diario de un Médico de Guardia*. En: diariodeunmedicodeguardia.blogspot.com.es/2010/02/medicos-y-maquis-gallego-i.html
- Souto Blanco, M.J.(2006). *A represión franquista e as súas zonas de penumbra. Víctimas confirmadas e posibles en Lugo (1936-1940)*. En: www.lugo.es/cs/represion/index.jsp

Viqueira, M.(2015) *A contracorriente, vida y muerte de Luis Trigo*. Centroña Produccións Audiovisuais

VVAA(2009). *Maquis-Guerra Civil española*. Estados Unidos. History Channel

VVAA(2010). *Proxecto Nomes e Voces*. Universidade de Santiago de Compostela En: <http://www.nomesevoces.net/>

VVAA(2011). *Los del monte*. Crónicas RTVE

VVAA(2012): *Congreso guerrilla antifranquista galega*. A Coruña: CRMH d'AC

Yusta, M.(2011). *Guerrilla y resistencia campesina: la resistencia armada contra el franquismo en Aragón (1939-1952)*. Zaragoza: Universidade de Zaragoza.

9. Prensa consultada en Hemerotecas dixitais.

Axencia de Noticias Efe (4/3/2017). “Más de 5.000 personas visitaron la vieja cárcel de Lugo en el primer fin de semana”. *El Progreso*. En: elprogreso.galiciae.com/noticia/684979/mas-de-5000-personas-visitaron-la-vieja-carcel-de-lugo-en-el-primer-fin-de-semana

-(11/3/2017). “Artistas de toda España harán intervenciones en las celdas del Vello Cárcere”. *El Progreso*. En: elprogreso.galiciae.com/noticia/688240/artistas-de-toda-espana-haran-intervenciones-en-las-celdas-del-vello-carcere

-(20/3/2017). “Lugo reabrirá la antigua cárcel convertida en espacio cultural”. *El Progreso*: En: elprogreso.galiciae.com/noticia/677932/lugo-reabrir-la-antigua-carcel-convertida-en-espacio-cultural

Serrano, S. (10/10/2016) “La guerrilla en la provincia de León y el intento de borrar el maquis del pasado”. *El Diario.es*. En: www.eldiario.es/cv/guerrilla-provincia-Leon_0_556094611.html

VVAA. (22/10/2016). “Homenaje a las víctimas de la represión franquista en el pozo Fortuna”. *RTPa*. En: www.rtpa.es/asturias:Homenaje-a-las-victimas-de-la-represion-franquista-en-el-pozo-Fortuna_111477153967.html

VV.AA. (18/6/2014). “El concierto homenaje a los republicanos en 2004”. *Público*. En: www.publico.es/espana/concierto-homenaje-republicanos-2004.html

Hernández, C.(29/3/2017) “La cárcel franquista de Lugo reabre sus puertas convertida en un centro para la memoria” *El Diario.es*. En: www.eldiario.es/sociedad/franquista-Lugo-puertas-convertida-memoria_0_627488405.html

Varela, S.(31/3/2017). “Lugo ya presume de su vieja cárcel”. *La Voz de Galicia*. En: www.lavozdegalicia.es/noticia/lugo/2017/03/30/lugo-presume-vieja-carcel/00031490904955213279832.htm

Mariño, H.(25/6/2017). “La última lección del maestro republicano: presos ávidos de cultura antes de la muerte”. *Público*. En: www.publico.es/politica/carcel-lugo-presos-republicanos.html

X.M.P.(18/12/2016). “En Galiza creouse a primeira estrutura de resistencia armada ao franquismo”. *Sermos Galiza*, En: www.sermosgaliza.gal/articulo/memoria/galiza-creouse-primeira-estrutura-resistencia-armada-ao-franquismo/20161216194833053584.html

ANEXO 1

LEI DE SEGURIDADE DO ESTADO

-Ós que por atentar contra a seguridade pública, atemorizar ós habitantes de unha poboación, realizar vinganzas ou represalias de carácter social ou político, perturben a tranquilidade, a orde e os servizos públicos, provocasen explosións, incendios, naufraxios, descarrilamentos, interrupción de comunicacións ou derrube, inundacións ou voaduras ou empregasen calquera outro medio ou artificios que ocasionasen grandes danos serían castigados: 1. coa pena de morte si se producise a morte de algunha persoa
2. coa reclusión menor a morte nos demais casos

-A mala colocación ou emprego de substancias, materias ou artificios adecuados ós propósitos aos que se refire o artigo anterior, será castigado coa pena sinalada no número segundo, inda que non se produza a explosión ou incendio ou efecto desexado

-Ós que apartándose ostensiblemente da convivencia social, ou vivindo subrepticamente nos núcleos urbanos formaran partidas ou grupos de xente para dedicarse ó merodeo, bandidaxe, ou a subversión social, serán castigados coa pena de morte ou a reclusión maior a morte. (Citado en Cabana, 2013:183)

ANEXO 2

Federación de Guerrillas de León-Galicia

Normas xerais

Os guerrilleiros encadrados na Federación de guerrillas deben ser conscientes da responsabilidade adquirida na loita contra o fascismo que con axuda do estranxeiro afogou en sangue o desexo de vivir en paz e liberdade do pobo español. É por isto que será disciplinado e aceptará voluntario os regulamentos e estruturas polas que se rexe a Federación e que foron aprobados democraticamente e por unanimidade nos nosos congresos.

Para loitar con eficacia e éxito o guerrilleiro executará voluntariamente e con entusiasmo todas as consignas emanadas do mando ao que debe obediencia e respecto. Pola súa parte, o mando debe reunir máximas cualidades e suficiente personalidade para ser estimado e obedecido polos seus compañeiros de guerrilla.

A solidariedade e o compañeirismo son regras a non faltar xamais, non só entre os guerrilleiros senón tamén de estes deica os cidadáns antifranquistas que nos axudan na nosa loita, xogándose nisto a súa vida se as circunstancias así o requiren.

O grado de combatividade debe manterse ó máis alto nivel comprometéndose a non renderse xamais ó inimigo e loitar ata a morte polo restablecemento da democracia na nosa Patria.

Moralmente será un exemplo vivo para todos os que o rodean, ben sexan compañeiros de guerrilla ou cidadáns. Os seus actos deben ir en consonancia coa digna causa que defende.

Os campamentos na montaña

Os guerrilleiros que teñan que vivir en campamentos escollerán para o seu desprazamento os lugares de difícil acceso e eficaz defensa, así como ben ocultos entre a vexetación a fin de que non poidan ser observados e descubertos a distancia polo inimigo ou espías delatores.

Dada a nosa estrutura político-militar a vida nos campamentos non será estritamente cuarteleira senón que estará en harmonía cos nosos ideais, convivindo no compañeirismo máis absoluto. Deberá facerse o máis amena posible organizando nos momentos libres, charlas culturais e de táctica guerrilleira seguidas de lectura.

O aseo persoal debe ser de rigor, adaptado ás condicións de vida no campamento.

O mando velará pola seguridade do campamento, organizando a defensa, montando gardas sucesivas dende as tres da maña ata o escurecer, así como, se as circunstancias o

esixen, imaxinarias pola noite. Todo debe funcionar harmoniosamente: garda, cociña, suministro etc., sendo autorizados os intercambios voluntarios por conveniencia dos interesados.

Haberá contactos permanentes con pastores de confianza, axentes do S.I.R., enlaces ou puntos de apoio dos pobos inmediatos para informarse da actividade inimiga. Todo informe sobre a inseguridade do campamento será seguido de evacuación inmediata de este, procurando borrar as pegadas de ocupación recente cos métodos que os mandos e guerrilleiros coñecen. É imperativo o non esquecer ningún documento, papel escrito, nin residuos que poidan servir de información as forzas franquistas.

A vida nos pobos e casas

Nos pobos da Montaña enteiramente controlados pola guerrilla, pero que son obxecto de sospeitas inimigas só se entrará neles pola noite en busca de suministro, cear ou descansar algunhas horas despois de tomar as medidas de seguridade necesarias adaptadas ás circunstancias. O mando dará as consignas necesarias adecuadas para, en caso de perigo, poder reunirse e estar en posición de defensa ou evacuar o pobo nun mínimo de tempo. Nunca se entrará ou sairá de eles polo mesmo sitio ou a mesma hora, e caso de empregalos varios días consecutivos. Isto para evitar unha emboscada eficaz do inimigo. Daranse consignas verbais estritas e secretas para os servizos que presten os veciños de forma que as forzas antifranquistas non poidan fichar a uns máis que a outros. Isto ten por obxecto preservar ós nosos axentes do S.I.R. e milicias das sospeitas inimigas. Darase sempre a impresión que estes pobos son máis ben sometidos por forza que amigos, a fin de evitar represalias.

Nos pobos non sospeitosos pódese pasar o día ou días pero sempre ocultos nas casas tomando as medidas de rigor para non ser apercibida a súa presenza por outros veciños ou forasteiros. Só algún enlace estará ó corrente para advertir toda clase de perigo ou transmitir comunicados.

Nos pobos e casas do llano, polo perigo que supón a estancia neles, xa que de ser descubertos e cercados polo inimigo, non só é segura a morte dos guerrilleiros, senón o que é peor, a morte dos donos, as medidas de seguridade e vida nelas será de unha rigorosidade extrema. Só se entrará despois de ter observado minuciosamente os arredores e estar seguro de que non hai ningunha anormalidade. Evitaranse as pegadas e se non fóra posible os donos do punto de apoio faranas desaparecer ó amencer. Unha vez dentro falarase en baixo ou nada segundo a proximidade dos veciños e o seu perigo. Os donos non cambiarán en nada a súa forma de a súa forma cotiá de vida a fin de evitar sospeitas. A adquisición de víveres ou outras cousas necesarias farase moderadamente procurando facelo fóra do pobo ou en comercios de confianza. A estancia nestas casas ou pobos debe ser limitada e non frecuente para evitar o cansazo dos habitantes e a exposición ó perigo de ser descubertos.

Todo punto de apoio que sexa obxecto de curiosidade ou rumores sobre o comportamento anormal na vida cotiá dos propietarios será evacuado inmediatamente

polo guerrilleiros, prohibíndose toda frecuentación ata nova orde. O S.I.R. encargárase de investigar a causa do rumor e evitar, se é posible, que chegue ata o inimigo.

O Guerrilleiro debe un respecto absoluto ás familias que o protexen e ocultan. Calquera membro da familia pode informar ó mando de toda falta de respecto e consideración cometida por un guerrilleiro. O Consello de Disciplina xulgará en consecuencia e castigará ó delincuente se a elo hai lugar. Se o delito é moi grave comparecerá ante o Tribunal de Guerrillas, Enténdese por delito grave: agredir violentamente a calquera membro da familia da casa, o pobo, ameazar con armas, furtar prendas ou diñeiro, violar, etc., e tamén un escándalo ou comportamento que poida delatar a súa presenza.

As marchas faranse sempre campo a través. Se por algunha circunstancia se viran obrigados a facelo por camiños ou carreteras, farano en formación de combate coas armas na man e dispostas para o disparo. Se hai encontro con persoas civís, comportaranse ante elas como forzas franquistas para evitar denuncias e rumores. Só falara o Xefe ou o máis caracterizado e o xusto para a identificación do individuo. O resto manterán a distancia e ocultos. Evitarase no posible os pasos perigosos. O mando tomará as precaucións adecuadas para franquear o paso, sexan pontes, desfiladeiros, carreteras ou calles. Os guerrilleiros teñen prohibido executar punitivos individual e illadamente, sexan económicos ou militares.

Toda iniciativa será presentada ó mando, quen se encargará de estudiala e preparar minuciosamente a acción con axuda do S.I.R., tendo sempre en conta que nas accións de tipo económico non pode haber error, nin na súa preparación militar nin nas persoas escollidas. Estas serán entre as máis podentes e caracterizadas do movemento fascista. Os axentes encargados do informe serán responsables de elo. En caso de erro o botín será devolto ó seu propietario.

Os fuxidos que actúan illadamente polas proximidades das zonas, da Federación ou fan incursións nela serán responsables dos seus actos podendo ser xulgados polo Tribunal de Guerrillas se cometen actos que deshonren a nosa causa.

O diñeiro recollido nas accións económicas será repartido equitativamente entre todos os participantes tendo estes a obriga de deixar unha parte para os gastos da Federación. As armas pasan a ser de propiedade colectiva e repartiranse entre os máis necesitados.

Os guerrilleiros presentarán contas dos seus gastos todos ós quince días ós seus respectivos xefes e evitarán empregar os cartos en cousas superfluas. Isto con miras a diminuír os golpes económicos que repudiamos no noso ánimo de loitadores antifascistas, pero que somos obrigados a recorrer a eles para subsistir.

Prohíbese vivir na guerrilla a mozas ou esposas dos guerrilleiros por cuestións sentimentais. Non obstante, as mulleres membros do S.I.R., enlaces ou puntos de apoio que sexan descubertas polo inimigo e corran o risco de graves represalias, serán recollidas e protexidas co respecto que a súa personalidade merece en campamentos ou casas, en espera de atoparlles refuxio fóra das zonas conflictivas. Todo guerrilleiro que desaparece da súa unidade será considerado como desertor e incorre nunha pena grave. Esta pena agravárase e non terá recurso se nela hai traizón.

O Consello de Disciplina formarano xefes de Guerrilla e varios guerrilleiros representando todas as tendencias existentes na unidade.

O Tribunal de Guerrillas, ou de penas graves, estará formado polo E.M. da Federación, a Xefatura da Agrupación correspondente, os xefes da Guerrilla e representación de todas as ideoloxías, así como se é posible membros das Milicias. Estes en caso de que o delito puidera incorrer en pena de morte. (Serrano, S., 1988:352-355)

ANEXO 3

Mapa 1. División do territorio segundo as Agrupacións da Guerrilla en Galicia



Fonte: Simón, D. (2009), *Médicos y maquis gallego*

ANEXO 4

NOTA TRIPARTITA DOS MINISTROS DE EXTERIORES DE FRANCIA, REINO UNIDO E ESTADOS UNIDOS⁴⁰

“Os Gobernos de Francia, Reino Unido e dos Estados Unidos procederon a un cambio de opinións concerninte ao goberno actual de España e as súas relacións con ese réxime. Recoñeceron que en tanto que o Xeneral Franco continúe gobernando en España o pobo español non poderá contar coa colaboración cordial e completa coas nacións do mundo que, polo seu común esforzo, provocaron a derrota do nazismo alemán e o fascismo italiano, que axudaron ao réxime español actual a acceder ao poder, e sobre os cales este réxime tomou o modelo.

Non entra nas intencións de estes tres gobernos intervir en asuntos internos de España. O pobo español debe, a fin de contas, fixar o seu propio destino. A despeito das medidas represivas tomadas polo réxime actual contra os esforzos ordenados polo pobo español para expresar e dar forma as súas aspiracións políticas, os tres gobernos esperan que o pobo español non coñecerá de novo os horrores e as amargas experiencias da Guerra Civil.

Desexan, ao contrario, que uns dirixentes españois, patriotas e liberais consigan provocar a retirada pacífica de Franco, a abolición de Falanxe e o establecemento de un goberno provisional ou encargado da expedición dos asuntos correntes, baixo cuxa autoridade o pobo español tivera a posibilidade de determinar libremente o tipo de goberno e elixir aos seus representantes.”

⁴⁰ Flores, X (2001:6)

ANEXO 5

Carta Consuelo Alba (enlace da guerrilla)

San Miguel de Cervantes, Lugo

A que subscribe co debido respecto e subordinación expón. Dende o ano 1936 ou sexa dende o comezo do glorioso movemento nacional salvador de España. En principios fusiláronme ó marido querendo facer o mesmo con dous fillos maiores que tiña os cales fuxiron e ata a data non souben nada máis deles un fillo estaba ó servizo do servizo nacional dende o remprazo 1934 que no seu servizo continúa ata a data, en casa quédanme un cuñado e 3 fillos menores, unha filla de 19 anos tivérona detida no concello máis de un mes tratando o xefe da falanxe violala todos os días e desafiándoa a que se daba parte a mataba, a min multáronme con 250 pts dicindo que era para o exército nacional, un cuñado que tiña trastornado dicindo que era para o exército nacional, un cuñado que tiña trastornado da cabeza fusilárono no ano 1937, neste mesmo ano requisáronme seis cabezas de gando vacún, requisáronme sabanas para o posto máis inmediato requisáronme un colchón que oia inda o teñen, o día 27 de abril do ano actual detivéronme a min dándome a liberdade o día 8 de maio e cando me deron a liberdade dixéronme que senón presentaba ós fillos levarían todo canto tiña.

Rógolle a vostede me diga se teño reclamación algunha cosa gracia que espero de vostede Dios garde a vostede moitos anos.

San Miguel de Cervantes Lugo

Consuelo Alba

¡Viva España!⁴¹

⁴¹ Transcripción literal da carta. Reproducida en Prada, X. (2013:254-255).

ANEXO 6

GRÁFICAS DA REPRESIÓN FEMININA EN GALICIA

Cadro 1. Mulleres encartadas e procesadas en Galicia (1940-1955)


CUADRO 4
MUJERES Y RESISTENCIA ANTIFRANQUISTA (1940-1955).
SITUACIÓN PROCESAL

	ENCARTADAS	PROCESADAS	% PROCESADAS
A Coruña	250	97	38,80
Lugo	125	54	43,20
Ourense	114	76	66,67
Pontevedra	21	12	57,14
León	12	11	91,67
Total Galicia	522	250	47,89

FUENTE: ELABORACIÓN PROPIA A PARTIR DE AIMN.

Fonte: Prada, X. (2013:248)

Cadro 2. Evolución do número de mulleres encartadas en Galicia, por provincias (1940-1955)



Fonte: Prada, X. (2013:238)

ANEXO 7

Entrevista a Cristina Fiaño sobre a posta en valor do Cárcere Vello de Lugo.

Realizada polo autor o 25 de Maio de 2017.

-Como xorde a idea de un proxecto coma este?

A miña experiencia en Arxentina e a visita a Chile durante o convenio bilateral xunto a rehabilitación do cárcere que se estaba levando a cabo foi o que me levou a encamiñar este proxecto. Tanto en Arxentina coma en Chile, ambos países sufriron cruentas ditaduras, existe unha gran conciencia social e un intento por recuperala memoria.

Neste senso, a loita de Darío Rivas por conseguir xustiza para as vítimas franquistas que comezou en Arxentina (e que continúa hoxe en día) tamén me inspirou.

Finalmente o apoio de Carmen García-Rodeja, Presidenta da Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica, quen me animou a levar a cabo o proxecto e difundilo foi o “empurrón” final que me animou a comezar o proxecto.

-En que proxectos baseaches a túa labor?

Carmen García-Rodeja ten un blog que trata a recuperación do Cárcere de A Coruña como centro de memoria e que me serviu como base.

Por outro lado, está a rehabilitación do Museo de Memoria. Esta parte dunha iniciativa cidadá e pon de relevo a necesidade dun proxecto semellante. Así tamén, os intentos falidos de rehabilitación de Carabanchel e a Illa de San Simón (como centro de memoria) deixan patente a deficiencia neste aspecto.

Finalmente, como xa citei na pregunta anterior, o meu fundamento localízase principalmente en latinoamérica, a labor nestes países é exemplar e probablemente sexan un modelo para outros países.

-Que trabas atopaches durante o camiño?

Unha vez aprobado o TFG, no cal se recollía toda a labor de investigación, dirixinme a administración local onde atopei certas reticencias nun primeiro momento. Unha vez aceptaron o proxecto os obstáculos viñeron polo retraso nas obras e as continuas prorrogas das mesmas.

Unha vez rehabilitado o edificio os principais problemas viñeron dados polo espazo que a administración pretendía destinar ao proxecto e o tempo que ía estar o mesmo. Foi un período de dúbidas e negociacións.

Finalmente, algunhas familias reaccionaron con desconfianza e non se mostraban moi receptivas ao proxecto. Outras, pola contra, mostráronse moi ilusionadas e receptivas.

Unha vez que o proxecto se puxo en marcha algunhas familias cambiaron de parecer e uníronse a nós. O compromiso das familias e da Asociación pola Recuperación da Memoria foi vital para poder levar a cabo o traballo.

-Que aceptación cres que tivo o proxecto unha vez finalizado?

A verdade e que me sorprende a gran acollida que tivo. Polo momento, recibimos moi poucas críticas inda que supoño que aumentarán ao longo do tempo.

Un aspecto moi bonito do proxecto e que coa investigación e a posta en marcha saen a luz algúns casos descoñecidos para as familias que se mostran moi ilusionadas e satisfeitas ao sabelo.

-Que lagoas ves en relación a este tema a nivel cultural?

A verdade e que é un tema que, como todos sabemos, permanece moi oculto na sociedade actual. Houbo un Centro da Memoria en A Coruña que contou con un equipo de investigación financiado por diñeiro público que se eliminou por vaivéns políticos. A labor do equipo foi importante e hoxe en día atópase en paradiro descoñecido ou escondido nalgún lado.

Considero necesario sacar a luz dita información e difundila, e máis tendo en conta a financiación pública. Sería tamén moi importante restaurar a súa labor xa que é preciso un proxecto destas características.

-Houbo reticencia por parte dos artistas da exposición “cada cela unha fiestra”?

Absolutamente non. Moitos dos artistas xa tiñan obras relacionadas coa recuperación da memoria e fixeron unha cesión das mesmas. En liñas xerais, debo dicir que mostraron admiración e respecto pola iniciativa.

-Repetirías a experiencia?

Agora mesmo non. Con tempo e nun futuro algo afastado posiblemente si. A verdade e que foi un proxecto moi longo e complexo no que tiveron que actuar como “mediadora” entre moitos actores, o cal non é sinxelo.

Si estaría aberta a cooperar noutros proxectos pero non a dirixilos neste momento. A nivel económico tampouco existe un recoñecemento suficiente como para animar a pasar por todo o traballo de novo.

Se nun futuro repetise, sen dúbida sería polo cariño e afecto que recibín das familias, iso non se paga con cartos.

ANEXO 8

Entrevista a Miguel Freire (Asociación para a Recuperación da Memoria Histórica)

Realizada polo autor o día 20 de Xuño de 2017.

A ARMH leva traballando dende o ano 2000 para recuperar e difundir a memoria histórica deste país. A súa labor principal é a recuperación dos restos e o recoñecemento de vítimas do franquismo. Ata o presente esta labor permitiu a recuperación de máis de 1400 restos humanos que foron devoltos as súas familias.

Pero a súa labor de recuperación debemos engadir a loita polo recoñecemento oficial das mesmas, a compensación as familias de vítimas expropiadas ou escravizadas...pero tamén a difusión desa memoria borrada co “pacto de silencio” mediante moi diversas formas.

Para coñecer esta realidade de primeira man puidemos entrevistar a un dos seus responsables, Miguel Freire, quen se ofreceu gustosamente a facilitarnos a seguinte entrevista o día 20 de xuño de 2017.

-Cales son as vosas principais liñas de actuación para a Recuperación da Memoria?

O noso principal obxectivo é a recuperación dos restos dos “desaparecidos” dende o Golpe de Estado. España é o segundo país do mundo, só por detrás de Chile (que tamén sufriu unha devastadora ditadura) en número de fosas comúns.

A nosa actividade comezou cando Emilio Silva (presidente da Asociación) exhumou os restos do seu avó, fusilado polos sublevados en Villafranca.

-Como é ese proceso de recuperación?

Pois en primeiro lugar, as familias de “desaparecidos” acoden a nós e facilítannos unha serie de datos que permitan iniciar a labor de investigación. Neste aspecto é imprescindible destacara a importancia das fontes orais. Na gran maioría de ocasións, as familias coñecen datos dos seus familiares a través de veciños do pobo no que vivían ou onde foron fusilados e, posteriormente, nós tamén recorreremos a esas fontes para coñecer máis datos.

Despois, unha vez que temos unha ficha cos datos, procedemos a labor de investigación en arquivos e certificados de defunción. Unha vez localizado o lugar onde se poden localizar os restos poñemos en funcionamento a maquinaria para reunir un equipo de traballo, composto por voluntarios, e buscamos o xeito de financiar a exhumación á par

que solucionamos os conflitos legais. Non debemos esquecer a gran cantidade de trabas da administración para esta actividade.

Unha vez exhumados os restos, procedemos ao envío destes ao laboratorio que temos en Ponferrada, cedido pola Universidade de León, e onde un equipo identifica e estuda os restos para determinar as causas da morte e facelas constar oficialmente.

Finalmente, os restos son entregados aos familiares e, se o consideran oportuno, realizamos unha pequena homenaxe.

-Que actividades culturais e de difusión levades a cabo?

Nas exhumacións levamos a cabo un proceso de difusión no que explican paso a paso tódalas etapas e a través da oralidade damos resposta a moitas das cuestións relacionadas cos asasinados.

Tamén levamos a cabo charlas en centros educativos onde explicamos e damos a coñecer a nosa Asociación pero tamén explicamos, de maneira xeralista, o pasado deste país e do seu entorno.

Por outra banda, organizamos diversas actividades coma o visionado de documentais⁴², exposicións fotográficas, organizamos charlas e visitas ao laboratorio.

-Cales son os vosos obxectivos a curto prazo?

Principalmente darnos a coñecer para conseguir un maior apoio social e así lograr tamén unha maior difusión da verdadeira historia silenciada polos gobernantes.

-Habitualmente sodes vós quen vos achegades aos creadores culturais ou é ao revés?

Na maioría de ocasións son os nosos colaboradores os que nos dan a coñecer algún produto cultural relacionado co ámbito e nós, tras avalialo e estudar a súa viabilidade, poñémonos en contacto co creador para achegalo ao público. Cabe destacar a importancia de ter un equipo tan interdisciplinar e comprometido coma o noso.

-Como financiades estas actividades?

En ocasións as administracións locais colaboran nalgunha medida, inda que soe depender en gran medida da cor política e do seu compromiso. Pero a nosa financiación principal provén do tecido asociativo, de organizacións privadas internacionais, das cotas que abonan os socios ou de colaboracións privadas.

Anos atrás contábamos con subvencións que o Goberno actual eliminou. A pesar disto, de vez en cando conseguimos algunha subvención local (principalmente deputacións) e premios que nos permiten continuar a actividade⁴³.

⁴² Cita neste momento o documental "*Camilo: o último guerrilleiro de Galicia*" proxectado a semana anterior no Vello Cárcere (Lugo) e a través do cal me puxen en contacto con el.

⁴³ Recibiron o *Premio Alba/Puffin ao Activismo en Dereitos Humanos*, dotado con 100.000 dólares.

-Como é a relación co Concello de Lugo visto a gran cantidade de colaboracións levadas a cabo no Vello Cárcere?

Realmente este é un espazo privilexiado, fainos moita ilusión contar co Vello Cárcere para algunhas das nosas actividades e sobre todo a gran acollida que están tendo. O Concello sempre se mostra disposto a colaborar e cedernos o espazo pero, na miña opinión, sería necesaria unha maior difusión por parte do mesmo.

-Que grandes lagoas observas neste momento?

Eu diría que o tema da Memoria é en si mesmo unha gran lagoa. Aos 40 anos de ditadura, nos que se produciu un auténtico lavado de cerebros, continuárono outros 40 de silencio democrático nos que o 23F xogou un papel fundamental.

As persoas que estamos involucradas axiña nos poñen o freo para que non “abramos feridas”. Esta premisa, empregada durante tantos anos, non poden impedir que todos os que sufriron a represión obteñan a xustiza que merecen.

Por outra parte, é moi preocupante a falta de visibilidade nos medios e o desprestixio que sufrimos por parte do Goberno.

-Como vés o futuro?

Creo que pouco a pouco estamos avanzando na boa dirección. Temos que traballar coas autoridades locais para lograr esa meta tan ansiada. Pero para isto, é imprescindible a educación social das novas xeracións, non só no colexio, debemos darlles a coñecer o que pasou no país mediante charlas e no seo das propias familias.

Por outra banda, quero destacar que a apertura do Cárcere de Lugo supón un avance moi importante para a cidade.

-Finalmente, cal cres que é a primeira esixencia das familias das vítimas cando recuperan os cadáveres?

O seu obxectivo principal é atopalos sen dúbida. Unha vez que o logran só queren levalos ao panteón familiar para que se “reúnan” cos seus. Rara vez se alzan para pedir xustiza pero si reclaman a recuperación da memoria dos seus familiares. É moi duro que para o estado sigan constando ordes de busca contra os seus familiares asasinados, por poñer un exemplo.

HISTORIAS DE LUGO

SABELA CORBELLE



REPRESALIADAS ▶ Las mujeres no escribieron la Historia pero formaron parte de ella. Las vidas de Milagros, Carmen y Anuncia —rescatadas por la Asociación por la Recuperación de la Memoria Histórica— relatan la crueldad de una posguerra en la que pagaron con cárcel, torturas y violaciones el ser parientes o esposas de republicanos.

Una guerra librada por ellas, las rojas

ABUSADA y torturada, muy pocos saben del sufrimiento vivido por Carmen Rodríguez Nogueira, una mujer de Alvaredos-Montefurado, Quiroga, que fue enlace de la II Agrupación del Ejército Guerrillero en la posguerra. Un sufrimiento que le dejó secuelas psicológicas hasta el punto de que sus reacciones no eran comprendidas por su nieta Salomé Da Torre López, ajena a lo vivido por su abuela. «La historia la conocimos desde siempre porque mi abuela quedó muy alterada de todo esto, pero desconocíamos los peores detalles. Mi abuela se murió con 96 años pero aún entonces tenía señales en el cuerpo de los golpes que le dieron cuando estuvo en la cárcel de Quiroga. Al enterarme de todo, sentí rabia y orgullo a la vez porque esta gente fue muy valiente», comenta Salomé.

Carmen estaba casada con José Maximiliano López Centeno, un sindicalista de Renfe que fue fusilado en 1938 pese a que su mujer había escrito una carta a Franco solicitando el indulto. Pero su muerte nunca fue comunicada a la familia. Es más, Carmen llegaba a recibir cartas falsas de su marido. Solo pudo confirmar lo sucedido cuando un vecino, con el que había compartido prisión en Lugo, le dijo que vio cómo lo llevaban para fusilar al reflejarse su imagen en un espejo para afeitarse en su celda.

Ya viuda y con dos hijas, Carmen escondía a los 'fuxidos' en su casa y hacía de enlace ofreciéndoles comida, ropa y medicinas y entregándoles cartas de familiares y amigos. Una noche llegó la Guardia Civil a buscar a su padre, al que 'pasearon'. A la vez, dispararon cinco tiros a una cuñada suya, Luisa, dejándole inútil el brazo y llevaron detenidas a su suegra, Petra Centeno; a Luisa y otra hermana de esta, Oliva, y a la propia Carmen. Era el año 1949. Un tiempo después, también detuvieron a su hermana Antonia, recién parida y con un bebé de 15 días —al que llevó a la cárcel— y a su sobrina Pepita.

«A miña nai colgárona dunha roldana cos cabelos abaixo e os pés arriba, arrincáronlle as unllas dos pés e das mans, queimáronlle as pestanas, as axilas e a vaxina, rapárona, déronlle palizas e abusaron dela. Estiveron a punto de fusilala e xa a meteran no camiión pero o xeno da súa madriña, que era garda civil, salvouna da morte. Daquela, sacárona do camiión e dixéronlle: «Salváronte, roxa» e déronlle co fusil nas costelas. Sempre lle quedou a espalda chea de



Arriba, Milagros, ahora y de joven. Abajo, Carmen, segunda por la derecha, y Anuncia, en la otra foto. BARGA, EP

vultos. Había unha muller muda, nunca o esquecerei, que facía xestos para indicar que a queimaran cun chisqueiro», afirma una de las hijas de Carmen, Manuela López, en el libro 'Mulleres na guerra antifranquista galega', de Aurora Marco.

Tras el paso por Quiroga, Carmen fue trasladada a Lugo. La acusaron de auxilio a bandoleros y fue condenada a doce años. En 1950, la llevan a Madrid y luego a A Coruña hasta que quedó libre.

TESTIGO. Como si su nombre fuese premonitorio, Milagros Losada Fernández presume de sus 102 años, pese a que su vida no fue fácil. A esta edad, Milagros recuerda con esfuerzo —desde el geriátrico de Chantada, donde

reside— cómo cambió su vida la Guerra Civil y la posguerra.

Milagros pertenecía a una familia de Escarirón, O Saviñao, simpatizante de la República y del PSOE. Ella —que es todavía una de las pocas fuentes históricas de la posguerra que continúan con vida— fue, como muchas otras mujeres, moneda de cambio para que los fascistas lograsen dar con el paradero de republicanos huidos como el de su cuñado, Ramón Pérez Vispo, casado con su hermana Paz, que había montado la fábrica de calzados Pavis. «Mi padre estaba huido desde que comenzó la guerra, en 1936. Una táctica que tenían los fascistas era prender a los familiares para que, de esta forma, confesasen dónde estaban sus parientes huidos. En nuestra

familia, se llevaron a mi madre, mi tía Milagros y mi tía Virginia. A mi abuela también la querían llevar para la cárcel pero ella se repuso y les dijo: «Yo no voy», alegando que tenía que hacerse cargo de nosotros, los cuatro hijos de Ramón y Paz, y no la llevaran», explica Enrique Pérez Losada, hijo de Ramón y Paz.

Así fue cómo Milagros, su hermana Virginia y la madre de ambas fueron conducidas a la cárcel de Lugo. Era 1940. «Mi tía Milagros comenta que uno de los guardias de la cárcel se dirigía a ellas como si estuviese «tomando das pitas» y les sacaba el cinturón para amenazarlas. También cuenta que dormían en celdas muy pequeñas, todas juntas en el suelo, y había una niña pequeña que dormía encima de la barriga de su madre», relata su sobrino Enrique.

Milagros fue puesta en libertad y emigró a Cuba y Venezuela. Ramón Pérez, conocido como Peixuco, fue juzgado por auxilio a la rebelión, tras entregarse dos meses después de que encarcelasen a su mujer y sus dos hermanas. Sentenciado a doce años de cárcel, salió en libertad en 1941.

DESANGRADA. Anuncia Rodríguez Maceda era de Saá-A Pobra do Brollón y fue detenida en 1939, tras descubrir un escondite de los 'fuxidos' en su casa, donde también les daba cobijo y comida su madre, Carmen Maceda.

Un chivatazo a la Guardia Civil cambió por completo la vida de estas mujeres: Anuncia, viuda de Jesús Casas Martínez, paseado el 6 de agosto de 1936, y Carmen, su madre, que murió desangrada tras haber recibido un tiro en una pierna, efectuado por guardias civiles, cuando fue descubierta dando de comer a los 'fuxidos' en su propia casa.

Carmen murió de la hemorragia y Anuncia, que era madre de cuatro hijas, fue detenida y conducida a la cárcel a Lugo siendo acogidas las niñas por familias de la zona.

Anuncia permaneció en la cárcel casi cuatro años hasta que cogió tuberculosis y la llevaron al hospital de Santa María, donde falleció. «Les pasó lo que les pasó solo por ayudar a los demás. Con ellos, no se hizo ninguna justicia y creo que se debería hacer y publicar lo que pasó. Pienso que ellas lo hubieran querido hacer siempre, en vida, pero no fueron capaces. Todavía hay muchos muertos en las cunetas», explica Isabel Mao, nieta y bisnieta de Anuncia y Carmen, respectivamente.



Memoria En busca de los restos perdidos

Hace un año que Isabel Mao busca el cadáver de su abuelo, Jesús Casas, fusilado en 1936 y enterrado junto a la iglesia de Saá. A Pobra do Brollón, en 1936, fuera del camposanto.

Abuela

También pide las cenizas de su abuela, Anuncia Rodríguez, fallecida en Lugo en 1942 y cuyos restos fueron trasladados del viejo cementerio al nuevo.